Concello de Soutomaior

# BASES PARA O DESFILE DE COMPARSAS EN ARCADE- ANO 2018

**1**.- O Desfile de comparsas terá lugar o **domingo 18 de febreiro de 2018 ás 17.00 horas.**
**En caso de chuvia, celebrarase o seguinte domingo, 25 de febreiro.**

**2.- Requisitos dos participantes**

As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario como na súa actuación. Non se considerarán como comparsas con dereito á inscrición e participación, aquelas que repitan o seu disfrace de anos anteriores. Poderanse excluir como beneficiarios das axudas reguladas nestas bases todos aqueles que non cumplan as condicións esixidas.

**O número máximo de comparsas participantes no desfile é de 15 e deberán solicitar a súa participación a través de inscrición no rexistro xeral do Concello .**

***Terán preferencia as comparsas que participaron no desfile do ano 2017.**

As comparsas participantes no desfile deberán ter un **mínimo de 30 compoñentes.(Quedan excluídos neste apartado os conductores dos vehículos e acompañantes que non van disfrazados)**

**3.-O lugar de saída será a Rúa Calvario**, na intersección da Avda. Xosé Solla coa Rúa Cochón.

**4**.- As comparsas deberán estar no lugar da saída 30 minutos antes de dar comezo o desfile.

A primeira en desfilar será a dos nenos e nenas que forman a comparsa resultante do obradoiro que organiza o Concello de Soutomaior. As demáis o farán por orden de chegada.

**5.- Itinerario do desfile**: Rúa Calvario, Avda. Xosé Solla e Rúa Rosalía de Castro. Remate na Alameda Talo Río, donde haberá unha festa de entroido coa actuación dun grupo musical ata as 22:00 h.

**6.- Procedemento**.

A **inscrición** farase nas Oficinas do Concello de Soutomaior, a través do fax (986.705333) ou ben no correo electrónico **cultura@soutomaior.com** , en horario de 9:00 h a 14:00 h. **ata o xoves 8 de febreiro de 2018.**

No momento de formalizar a inscrición , indicarase:

- Nome da comparsa.(Tamén nome da Asociación se é diferente ó da comparsa)
- Nome e apelidos do representante.
- Número de teléfono e mail de contacto.
- Categoría na que se inscribe.
- Número de membros que a compoñen.

Todos estes datos deberán aparecer na solicitude de inscrición. En caso de que non sexa así, a comparsa poderá quedar excluída do desfile.

**7**.- Os **premios** pola participación no desfile son os seguintes:

a)Para as comparsas que non leven nin carroza nin música:

- de 30 a 40 membros: 100 €
- Máis de 40 membros: 150 €

b)Para as comparsas que leven carroza e música:

- de 30 a 40 membros: 300 €
- Máis de 40 membros: 400 €

**8**.- **A asistencia ó desfile, pagarase mediante transferencia bancaria previa presentación da factura correspondente no Concello na cal se indicará o número de conta para facer o ingreso.**

**Os colectivos que estén exentos de IVA deberán presentar ademáis un certificado d@ secretari@ da asociación no que constará o número de expediente de dita exención. ( Poderán pedir o modelo no Concello no momento de facer a inscrición).**

**9**.- A participación neste desfile, implica a aceptación destas bases.

**10**.- A organización gárdase o dereito de non deixar desfilar a todas aquelas comparsas que non cumplan algunha das condicións establecidas nestas bases.